



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

CIRCULAR 38-2013

- A todas as Delegacións (*)
- Aos clubes e adestradores

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

RESOLUCIÓN DAS AXUDAS DA FGA A ATLETAS GALEGOS DE ALTO NIVEL

A Coruña, 21 de maio do 2013

En aplicación da normativa aprobada pola Xunta Directiva e Comisión Delegada da Asemblea Xeral, reflectida na Circular 24-2012 do 19 de marzo de 2012, sobre *Axudas a atletas galegos de alto nivel*, publícase a relación de atletas que cumpriron os requisitos mínimos establecidos, unha vez revisados os méritos contraídos por parte da Directora Técnica da FGA. A cantidade destinada a este concepto de 20.000 euros foi aprobada pola Asemblea Xeral dentro dos orzamentos do exercicio 2012.

Neste listado indicaranse tamén todos aqueles atletas que solicitaron axudas, a pesar de que algúns non acadaron o nivel deportivo mínimo indicado. Asemade, aqueles que tendo méritos perderon o dereito por calquera dos seguintes motivos, indicados na Circular 24-2012:

- Por non solicitar á FGA no modelo oficial e prazos indicados a concesión de axudas.
- Por sanción por dopaxe
- Por abandonar a práctica activa do atletismo de competición.
- Por non participar coa Selección Galega cando sexa requerido.
- Por non participar nos Campionatos Galegos.
- Por sanción disciplinaria da FGA ou RFEA.
- Por tomar parte en calquera carreira popular organizada en Galicia durante a tempada 2011/12, sen que estivera incluída no calendario oficial da FGA.
- Por non cumprir coas condicións asinadas polo atleta coa FGA

MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN, REVOGACIÓN E REINTEGRO.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, eventualmente, á súa revogación. Procederá a revogación da axuda e a obriga de reintegrar total ou parcialmente a axuda, así como a existencia dos xuros de demora correspondente, nos supostos de:

- a) Obtención da axuda falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen.
- b) Incumprimento das obrigas como beneficiario/a establecidas nestas bases.

Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral da FGA

Dolores González Fernández
Directora Técnica da FGA

(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 21 de maio de 2013



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

Atleta	Nivel	Campio. Galegos	Selección Galega	Calen. FGA	Total Puntos		Cantidade
Isaac Vicente	20	60	115	12	207		1532
David Gómez	30	60	85	24	199		1473
Lorena Luaces	30	60	90	12	192		1421
Belén Toimil	20	30	90	16	156		1154
Ana Peleteiro	50	30	55	20	155		1147
Jean Marie Okutu	30	38	67,5	18	153,5		1136
Solange Pereira	10	60	72	8	150		1110
Lidia Casal	20	50	57,5	12	139,5		1032
Virginia Villar	10	30	77,5	8	125,5		929
Victor Gallego	20	60	30	12	122		903
Frank Casañas	60	Europeo	55	0	115		851
José Manuel Vila	10	35	60	4	109		807
Yolanda Gutierrez	10	60	14	8	92		681
Samuel Paz	10	30	45	6	91		673
Eva M ^a Iglesias	10	40	22	4	76		562
Manuel Penas	30	30	0	12	72		533
Lidia Parada	10	Lesión	55	6	71		525
Paula Ferreiros	0	0	65		65	Selección galega	481
Ismael Costas	0	0	55		55	Selección galega	407
Patricia Carballo	0	0	52,5		52,5	Selección galega	389
J.Alfonso Palomanes	0	0	50		50	Selección galega	370
Borja Barbeito	10	40			50		370
Begoña Garrido	20	Lesión	30		50		370
Gustavo Dacal	10	30	0	6	46		340
Leticia Gil	0	0	25		25	Selección galega	185
Hassan Lekhili	0	0	14		14	Selección galega	104
Pablo Denis	0	0			0	Non cumpre requisitos	0
Alejandro Fernández	10	40	14	8	0	Carreira non oficial	0
Pedro Nimo	20	20	35	12	0	Carreira non oficial	0
Victor Riobo			65		0	Carreira non oficial	0
Leticia Fernández			65		0	Carreira non oficial	0
Juan Antonio Pousa					0	Non cumpre requisitos	0
Lidia Fernández					0	Non cumpre requisitos	0
Antia Martínez					0	Non cumpre requisitos	0
Externos CGTD							515
SUMA TOTAL					2633	Puntos	20.000

A repartir: 19485. Os restantes 515 euros, foron destinadas a axudas de alimentación de atletas externos do Centro Galego de Tecnificación Deportiva. Valor de cada punto: 7,40 euros.